



Local Comarcal

Rúa da Cañota 33 - baixo

15300 Betanzos (Galiza)

Teléfono

981776466

Correo electrónico

betanzos@bng.gal

Páxina web

<http://betanzos.bng.gal>

O Grupo Municipal do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO no Concello de Betanzos, ao abeiro do ordenamento vixente, propón ao Pleno da Corporación a seguinte **moción sobre o cumprimento da ordenanza de usos da lingua galega no Concello de Betanzos.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 21 de decembro de 2016 o Boletín Oficial da Provincia da Coruña publicaba a aprobación definitiva da Ordenanza para o impulso da lingua galega no Concello de Betanzos, poñendo fin a un proceso de negociación e redacción do texto e iniciando o camiño para a normalización dos usos do noso idioma na institución municipal e no conxunto do concello.

Este texto declara o galego como idioma oficial do Concello, que o empregará “en todas as súas accións, nas súas actuacións administrativas, na documentación, na comunicación social, e nas relacións coas cidadás, cos cidadáns e con todas as entidades situadas en Galicia e con aquelas outras que admitan o galego para as actuacións administrativas”. Estabelece, asemade, a responsabilidade do concello no impulso institucional do idioma, na calidade lingüística e no uso dunha linguaxe democrática e inclusiva; así como os obxectivos e as funcións do Servizo de Normalización Lingüística municipal.

De igual maneira, no capítulo XIV, de cumprimento e seguimento da ordenanza, recóllese que “para lle dar cumprimento, velar pola aplicación e facer seguimento, o Concello creará unha comisión político-técnica de aplicación e seguimento desta ordenanza”. E, así mesmo, na disposición adicional, recóllese que “para favorecer a participación social no impulso e dinamización do uso do galego en todos os ámbitos, o Concello de Betanzos poderá crear un Consello Social da Lingua, no que estarán representados os grupos políticos que forman parte da Corporación e as organizacións e colectivos máis representativos implicados no proceso de normalización lingüística”

Logo da aprobación e publicación desta ordenanza, a normativa que regula os usos da lingua no concello completouse cun protocolo de aplicación persoal das empresas concesionarias en outubro de 2023.

A día de hoxe, cunha situación de emerxencia lingüística (se temos en conta os datos oficiais do IGE de 2024), cómpre máis que nunca desenvolver plenamente o contido da ordenanza de usos da lingua galega e constituír a comisión político-técnica de aplicación e seguimento desta ordenanza, así como o Consello Social da Lingua, tal e como se recolle no texto legal de referencia.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o **Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego** somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. Instar ao goberno local a constituír a comisión político-técnica de aplicación e seguimento da ordenanza de usos da lingua galega, tal e como se recolle no capítulo XIV da propia ordenanza.
2. Instar ao goberno local a constituír o Consello Social da Lingua para avaliar o proceso de normalización no noso concello e para tomar medidas de cara ao futuro.
3. Facultar á Alcaldía e á concelleira en quen delegar a tomar cantas medidas sexan necesarias para cumprir estes acordos.

Betanzos, 19 de marzo de 2025